

BASES DO SORTEO PRESENCIAL: VOLTA AO COLE 2025

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DA COMARCA DE ARZÚA (AECA)

CIF: G15346109

PRIMEIRA. – ENTIDADE ORGANIZADORA

A entidade organizadora do presente sorteo é a **ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DA COMARCA DE ARZÚA (AECA)**, con **CIF G15346109** e domicilio social no **Polígono Industrial de Arzúa, Parcela 1, 1.º, 15810 Arzúa (A Coruña)**, no marco da celebración da campaña comercial **VOLTA AO COLE 2025**.

SEGUNDA. – FINALIDADE

Este sorteo ten como obxectivo dinamizar a actividade comercial do Centro Comercial Aberto de Arzúa e fomentar o consumo nos comercios asociados a AECA, premiando a fidelidade dos clientes que realicen compras durante a Volta ao Cole 2025.

TERCEIRA. – CELEBRACIÓN DO SORTEO

O sorteo VOLTA AO COLE celebrarase o sábado 27 de setembro de 2025, no recinto do Multiúso Terra do Queixo en Arzúa, sobre as 19:30 horas, e será de modo presencial.

CUARTA. – ÁMBITO TEMPORAL E TERRITORIAL

Este sorteo estará aberto á participación dende o día 1 de setembro ata as 19 horas do 27 de setembro de 2025. Poderán participar todas aquelas persoas maiores de idade que realicen compras durante a campaña VOLTA AO COLE en calquera dos comercios asociados a AECA, e que acumulen un gasto mínimo de 20€, o cal deberá ser presentado mediante tickets no acceso ao Multiúso de Arzúa o día 12 ou ben o 27 de setembro durante as actividades de animación programadas para canxealos por rifas ou boletos.

QUINTA. – MECÁNICA DO SORTEO E PARTICIPACIÓN

- Por cada compra realizada nos comercios de AECA e presentados á organizadora no acceso á FESTA DA ESCUMA do 12 de setembro ou no acceso á FESTA CON INCHÁBLES do 27 de setembro, a través de tickets de compra, entregarase **un boleto numerado** que dá dereito á participación no sorteo.
- **O importe de gasto mínimo para obter un boleto ou rifa será de 20 euros**, o cal poderá ser obtido ao acumular o importe de varios tickets e incluso de diferentes tendas asociadas.
- Será entregado un boleto/rifa numerada por cada gasto válido de 20 ou máis euros, cun límite **máximo de 10 rifas por ticket**; independentemente do valor da merca.
- Non serán admitidos os tickets de devolucións ou cambios de produto, a non ser que no mesmo ticket veña outra merca de importe superior á merca inicial e dentro do período da promoción en cuestión.
- Así mesmo, toda persoa maior de idade poderá conseguir tantas participacións no sorteo como mercas realice durante o período da promoción segundo se establece nestas bases, e permitírase ata un **máximo de 5 tickets dunha mesma tenda**.
- Os **boletos ou rifas** entregaranse **soamente ata fin de existencias** e cóntase cun máximo total de **1.000 papeletas** dispoñibles para a realización de este sorteo. É dicir, unha vez repartidas na súa totalidade e quedar estas esgotadas, deixaranse de repartir no acceso aos consumidores asistentes ao evento.
- Os tickets que xa foran presentados anteriormente no acceso ao evento e unha vez estén selados pola organizadora, consideraranse como xa canxeados por rifas, e non se contabilizarán de novo para ser acumulados a ticket algún posterior é dicir, que non se poderán reutilizar para conseguir máis boletos/rifas a maiores.
- Os boletos entregados son válidos únicamente para o sorteo presencial VOLTA AO COLE 2025 do día 27 de setembro.

SEXTA. – PREMIOS

Na presente promoción sortearanse 2 premios tecnolóxicos consistentes en:

- ◆ **PREMIO 1:** Unha tablet LENOVO M11, 11" WUXGA/OC/8GB/128GB/AND13; que inclúe 1 pen + 1 funda.

- ◆ **PREMIO 2:** Uns auriculares diadema JVC. Bluetooth 5.0, 2520 min. Con cancelación de ruído.
-

SÉTIMA. – SORTEO PRESENCIAL

- O sorteo celebrárase en público e de xeito presencial o sábado 27 de setembro de 2025, ao remate da festa de animación no Multiúsos Terra do Queixo sobre ás 19:30 horas.
 - Extraeranse 2 números gañadores coa axuda dunha man inocente.
 - Será imprescindible que o posuidor do boleto gañador estea presente no momento do sorteo e mostre fisicamente o boleto premiado.
 - Se algún dos premios non é reclamado no momento, procederase a extraer novos boletos ata que aparezan os 2 gañadores de entre todos os asistentes participantes.
-

OITAVA. – CONDICIÓN DOS PREMIOS E ENTREGA

- Os premios en ningún caso poderán ser canxeados por diñeiro ou por calquera outro produto.
 - Unha vez producida a aceptación expresa do premio por parte do agraciado/a, terá lugar a entrega do premio no mesmo lugar e momento do sorteo, puidendo a entidade organizadora comunicar o nome do premiado/a, así como facer uso da imaxe da entrega para logo ser publicado nas RRSS e páxina web de AECA con fins de promocións comerciais.
 - No momento do sorteo, AECA poderá recoller de cada gañador/a o seu nome completo, DNI e teléfono de contacto; datos necesarios para a xestión da entrega do premio.
-

NOVENA. – RESPONSABILIDADE DA ORGANIZADORA

A Organizadora queda exonerada de calquera responsabilidade que puidera derivar do incumprimento ou cumprimento defectuoso polos participantes no sorteo, e por circunstancias excepcionais de forza maior poderá tomar calquera decisión, que estime oportuna, con respecto ás presentes bases de xurdir algunha dúbida ou cuestión.

DÉCIMA.- DEREITO DE EXCLUSIÓN

A Organizadora resérvase o dereito de descartar ou excluír do sorteo a aqueles clientes participantes que de calquera xeito fraudulento manipulen a súa participación.

DÉCIMA PRIMEIRA.- DIFUSIÓN, PUBLICIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E DA IMAXE

Será necesaria a recollida de datos persoais para a xestión do sorteo, e a empresa Organizadora poderá difundir e publicar nos medios que considere oportunos o resultado do sorteo, así como imaxes do evento; sempre de forma respectuosa e conforme aos dereitos de imaxe, e os nomes dos gañadores, salvo manifestación expresa en contra por parte dos agraciados/as, que deberán presentar á Organizadora por escrito acompañado dunha fotografía do seu DNI, ao enderezo Polígono Industrial de Arzúa, parcela 1, 1º, 15810 Arzúa (A Coruña), coa referencia "Protección de Datos" Sorteo VOLTA AO COLE 2025, ou ben enviándoo a través do correo electrónico: info@aecomarcadearzua.com, de conformidade co que dispón a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámoslle que os seus datos serán incorporados nun ficheiro titularidade de AECA, ante o cal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

A finalidade do tratamento é a de desenvolver a súa participación neste sorteo.

Así pois, os participantes garantizan que os datos persoais facilitados á Organizadora son veraces e fanse responsables de comunicar a ésta calquera modificación aos mesmos.

DÉCIMA SEGUNDA.- ACEPTACIÓN E APLICACIÓN DAS BASES LEGAIS

A participación neste sorteo implica a total conformidade e aceptación das presentes bases, e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a Organizadora. AECA resérvase a facultade de prorrogar a duración do sorteo, así como de suspendelo ou de poñerlle fin de xeito anticipado, e tamén de modificar e/ou engadir anexos sucesivos sobre estas bases, se así o estimase conveniente. As modificacións e/ou anexos deberán publicarse de xeito que tódolos participantes teñan acceso a dita información, a través dos seus canais oficiais.
